

Acta da Comisión do Grao en Enxeñaría Informática

REUNIÓN ORDINARIA DO 22 DE MAIO DE 2020

A comisión do Grao en Enxeñaría Informática reúnese en segunda convocatoria, ás 9.30h en sesión telemática a través de MS TEAMS, coa asistencia dos seguintes membros:

- David E. Losada Carril
- Julia González Álvarez
- José C. Cabaleiro Domínguez
- Francisco José Pena Brage

Ausencias:

- Manuel Lama Penín
- Eduardo Sánchez Vila
- José Ramón Ríos Viqueira

Ausencias xustificadas:

- M. Carmen Palacios
- Juan C. Pichel Campos

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do día 29 de abril de 2020 (achégase coa convocatoria).
2. Informes.
3. Emisión de informe sobre solicitude de convalidación (achégase proposta de informe a emitir).
4. Aprobación, se procede, do novo regulamento de Traballos de Fin de Grao de Enxeñaría Informática (achégase proposta de novo regulamento)
5. Aprobación, se procede, da modificación do Grao en Enxeñaría Informática para o curso 2021/2022 (achégase documento resumo, memoria modificada, proposta de modificación do dobre grao, táboa coa adscrición de materias a áreas e memoria xustificativa e económica).
6. Rolda aberta de intervencións

ACORDOS:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do día 29 de abril de 2020 (achégase coa convocatoria).

Apróbase por asentimento.

2. Informes.

O presidente da comisión informa sobre o interese da empresa Hewlett-Packard na firma dun convenio para a mentorización de TFGs e TFMs. Se lles fará chegar o modelo de convenio existente para a súa posterior sinatura.

Infórmase sobre a posibilidade de incorporar docencia híbrida (presencial-non presencial) no curso 2020/21. A directora informa de que a universidade creou un equipo de traballo para facer propostas neste eido. Neste momento, dado que non existe unha proposta concreta, non procede tomar decisión algunha sobre este extremo.

3. Emisión de informe sobre solicitude de convalidación (achégase proposta de informe a emitir).

Apróbase por asentimento o informe de recoñecemento de estudos proposto e enviado coa convocatoria.

4. Aprobación, se procede, do novo regulamento de Traballos de Fin de Grao de Enxeñaría Informática (achégase proposta de novo regulamento)

Apróbase por asentimento a proposta de novo regulamento, incorporando algunha variación menor na redacción do Artigo 25 (explicitando que os prazos os determina a Escola e non a comisión de TFGs).

5. Aprobación, se procede, da modificación do Grao en Enxeñaría Informática para o curso 2021/2022 (achégase documento resumo, memoria modificada, proposta de modificación do dobre grao, táboa coa adscrición de materias a áreas e memoria xustificativa e económica).

Apróbase por asentimento a modificación proposta.

6. Rolda aberta de intervencións

Non houbo